

Acción de Verán, 2019



XUNTA DE GALICIA

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Mocidade, Participación e Voluntariado convoca a Campaña de Verán 2019

Participantes:

Poden solicitar a súa participación nas actividades ofertadas nesta convocatoria os/as mozos/as galegos/as residentes en Galicia, nados/as no ano sinalado para cada actividade.

En canto á idade mínima e máxima para participar na Campaña de verán 2019, cómpre destacar o seguinte:

As persoas nadas no ano 2001 non poderán cumprir 18 anos antes da finalización do campamento.

As persoas nadas no ano 2010 deberán ter cumpridos 9 anos ao inicio do campamento.

Servizos ofertados:

- Un programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencia, que posibilite a participación do/a mozo/a.
- Aloxamento en albergue xuvenil, residencia xuvenil ou campamento xuvenil.
- Manutención en réxime de pensión completa.
- O material necesario para a actividade.
- Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades náuticas, de ser o caso. Así mesmo, e para o caso das persoas con necesidades especiais por razón da súa discapacidade, disporase de persoal de apoio que conte con formación e experiencia para atender as súas necesidades.
- Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.
- O transporte desde Santiago de Compostela, ou lugar que se sinale como punto de saída, ata o lugar de destino, así como o retorno ata Santiago de Compostela, nas actividades desenvolvidas noutras comunidades autónomas

Descontos:

Familia numerosa 50% - Carné Xove: 25% (non son acumulables)

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o día 07 de maio de 2019.

Para máis información poden chamar ó teléfono 981792000 (Ext. 4), ou a través da páxina web <http://xuventude.xunta.es/>.